



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO XEADA, NOS CONCELLOS DE QUIROGA, A RÚA E VILAMARTÍN DE VALDEORRAS NAS PROVINCIAS DE LUGO E OURENSE, PROMOVIDO POR NEIVA DIRECTORSHIP S.L. (CLAVE: 2020/0208)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1.a) que os proxectos comprendidos no seu anexo I someteranse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

O proxecto ao que se refire a presente DIA se atopa entre os incluídos no anexo II, grupo 4, epígrafe g da Lei 21/2013, que recolle as *"instalacións para o emprego da forza do vento para a produción de enerxía (parques eólicos) non incluídos no anexo I, salvo as destinadas a autoconsumo que non excedan os 100 kW de potencia total"*. En base ao antedito o proxecto debería someterse a unha avaliación de impacto ambiental simplificada.

Na documentación aportada o promotor solicita que o proxecto se someta ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a sociedade Neiva Directorship S.L. e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo co estudo de impacto ambiental, o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 19,8 MW de potencia total nos concellos de Quiroga, A Rúa e Vilamartín de Valdeorras (Lugo e Ourense), composto por 3 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado, un centro seccionador e de control e unha torre meteorolóxica) que se localizarán dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 3 desta DIA.

As características principais do proxecto, segundo a súa configuración inicial, son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 3
- Modelo previsto: SG-6,6-170.
- Potencia nominal unitaria: 6,6 MW.
- Potencia total instalada: 19,8 MW.
- Altura de buxa: 135 m.
- Diámetro de rotor: 170 m.
- Orzamento (execución material): 27.587.752 €.






O parque contará coa infraestrutura necesaria para produción de enerxía eléctrica renovable para o cumprimento dos obxectivos do PNIEC no 2022 no que foi admitido a trámite.

En canto a evacuación da enerxía producida no parque efectuarase a través dunha liña de 30Kv ata a subestación de Neboada, que non forma parte do alcance da presente DIA.

O prazo estimado de execución do proxecto é duns 12 meses.

Inclúese a continuación un bosquexo do proxecto coa configuración reflectida no estudo de impacto ambiental.



1.3. Principais elementos ambientais da contorna

Segundo se indica no EsIA aportado polo promotor:

Climatoloxía: O ámbito do proxecto se caracteriza pola súa gran variabilidade no réxime de precipitacións, non obstante, a meirande parte das instalacións están sitas no ombrotipo hiperhúmido inferior. A temperatura media anual é de 14.8 °C, a velocidade media do vento é de 1,6 m/s cunha dirección predominante NE.





Xeoloxía: A zona de implantación está dominada por rochas metamórficas do dominio Ollo de Sapo, pizarras e cuarcitas. Non se ten identificada a presenza de elementos xeolóxicos recollidos no Inventario Español de lugares de Interese Xeolóxico no ámbito do proxecto.

Hidroloxía: O ámbito da poligonal se localiza no ámbito da Confederación Hidrográfica do do Miño-Sil. A poligonal do proxecto está cruzada por unha densa rede de regos e regatos de diversa entidade.

Flora: A flora da zona se caracteriza pola abundancia de Breixeiros, seguidas de repoboacións de piñeiros e pequenos rodais de frondosas.

Fauna: O área de implantación se localiza na súa totalidade nas cuadrículas UTM de 10 x 10 km 29TPH50 e 29TPG59. Entre outras, as especies de aves máis salientables, son o águia real (*Aquila chrysaetos*), e a tartaruga cincenta (*Circus pygargus*), puntualmente se teñen detectado alimoches e miñatos reais (*Neophron percnopterus*) e (*Milvus milvus*).

Entre os mamíferos destaca o oso pardo (*Ursus arctos*) a lontra (*Lutra lutra*) e o corzo (*Capreolus capreolus*). Entre os quirópteros se teñen identificado 10 especies de morcegos das que destaca o morcego grande de ferradura (*R. Ferrumequinun*) e o morcego ribeireño (*Myotis daubentonii*).

En relacións ás especies de anfibios e réptiles se pode destacar a posible presenza do galápago leproso (*Mauremys leprosa*) a (*Rana iberica*) e a (*Chioglossa lusitanica*).

A zona se atopa entre as áreas cunha densidade media-baixa de lobo ibérico, segundo o Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia.

Paisaxe: O area de implantación se localiza nas Ribeiras encaixadas do Miño e do Sil, denominada comarca paisaxística *Terra de Valdeorras*.

Dentro do ámbito visual do proxecto se atopan distintos Lugares de Especial Interese Paisaxístico, Areas de Interese Paisaxístico e Itinerarios- Sendeiros-Camiños de interese.

Espazos Naturais Protexidos: O área de implantación non afecta a ningunha superficie pertencente á rede Galega de Espazos Protexidos definida na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do Patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

Non obstante a proximidade do ZEC Ancares-Caurel impón a necesidade de ter en conta as posibles afeccións ao mesmo.

Patrimonio Cultural: Na poligonal do proxecto se atopan diversas Mámoas, Medorras, muíños igrexas e casas recollidas como elementos do patrimonio cultural a protexer.

2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

A presente resolución transcribíse tendo como base a documentación aportada o 11/11/2022 e para o cumprimento do PNIEC o proxecto foi admitido a trámite para o que conta co fito de dispoñer desta resolución antes do 24 de xaneiro do 2023, establecido no RDL 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia e enerxía e noutros ámbitos para á reactivación económica, modificado polo Real Decreto-ley 29/2021, do 21 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito enerxético para o fomento da mobilidade eléctrica, o autoconsumo e o despregue de enerxías renovables.

Con data 27/01/2020, o promotor Neiva Directorship SL solicitou as autorizacións administrativas previa e de construción, así como a aprobación do proxecto sectorial para o parque eólico Xeada, sito nas provincias de Ourense e Lugo, achegando xunto coa solicitude a documentación técnica correspondente e o resguardo da garantía económica para o cumprimento do establecido no artigo 59.bis do RD 1955/2000.





O proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) foron sometidos información pública, en cumprimento do sinalado no artigo 33.10 da citada Lei 8/2009, coa publicación no Diario Oficial de Galicia do 04/04/2022 da resolución do 23 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico das instalacións do parque eólico Xeada, nos concellos da Rúa, Vilamartín de Valdeorras (Ourense) e Quiroga (Lugo), e promovido por Neiva Directorship, SL (expediente IN408A/2020/005).

De igual modo a resolución estivo exposta polo tempo regulamentario nas xefaturas territoriais de Lugo e Ourense, e nos concellos da Rúa, Vilamartín de Valdeorras e Quiroga, como se acredita cos certificados que se lles remitiron, sen que por parte dos concellos afectados se presentase ningún tipo de alegacións, máis que unha presentada ante esta dirección xeral polo concello de Vilamartín de Valdeorras.

En data de 4/11/2022 se recibe nesta Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático diversa documentación ambiental. O 8/11/2022 se recibe a resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, e un informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

En datas de 24/11/2022 e 1/12/2022 se reciben, a resposta da Dirección Xeral de Patrimonio Natural á resposta do promotor, o informe da Sociedade Galega de Historia Natural e a resposta do promotor ao informe da SGHN.

O 19/12/2022, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático require informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural sobre a caracterizacións dos efectos sinérxicos e/ou acumulativos sobre a ADE onde se implanta o parque.

O 20/12/2022 se recibe nesta DX o informe da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Asemade, o 20/12/2022 se recibe nesta DX o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación aos efectos sinérxicos e acumulativos do PE Xeada na ADE de implantación. Unha recibido este informe o expediente ambiental atópase completo e procede a análise técnica do mesmo.

2.2. Resumo do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EslA), o documento técnico do proxecto de execución, diversas addendas e documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EslA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

A avaliación non inclúe os aspectos de seguridade das instalacións e dispositivos eléctricos, de seguridade e saúde no traballo, de seguridade aérea, estradas e outros que posúan normativa reguladora e instrumentos específicos e se atopan fora do alcance da avaliación ambiental, nin todo aquilo que se atopa fora do ámbito da poligonal na que se pretende a execución do proxecto.

En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:

- A **Axencia de Turismo de Galicia**, informa que dado o alcance das actuacións que se pretende facer e segundo o estudo de impacto turístico achegado como documentación complementaria pódese concluír que o impacto que terá o Parque eólico XEADA no turismo rural local así como na súa contorna é reducido, e que deberán ser atenuados polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na Declaración de Impacto Ambiental.





- A **Confederación Hidrográfica do Miño-Sil** informa que tendo en conta o contido e nivel de detalle do estudo de impacto ambiental na execución do proxecto se deben ter en conta as consideracións recollidas no seu informe, en materia de afeccións ao dominio público hidráulico, afección a captacións, mantemento da calidade das augas superficiais e subterráneas, verteduras e réxime de protección das zonas protexidas e dos ecosistemas ligados a medios hídricos.
- A **Dirección Xeral de Emerxencias e Interior** informa que tras revisar a documentación se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, sen prexuízo de que se puidera estar afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

Engade que o Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

- A **Dirección Xeral de Defensa do Monte** Informa favorablemente a implantación do parque eólico Xeada.
- A **Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal** Informa que o Parque Eólico Xeada afecta a montes veciñais en man común, polo que será necesario o informe do Servizo de Montes sobre compatibilidade e prevalencia de ambas utilidades públicas.

O Servizo de Montes lembra que, neste tipo de proxectos, dentro das superficies de vocación forestal, convén sempre supoñer a nova clasificación á de protección forestal de xeito, que en cada caso, prevalezan as condicións de uso máis restritivas dentro das correspondentes ás dúas clasificacións, e que os montes conserven integramente a clasificación que incide na conservación dos seus valores forestais.

Ademais, considera que para estes proxectos o cambio de clasificación debería limitarse ás superficies de afección directa dos aeroxeradores e vías, co obxecto de no perder potencial para a produción forestal nos arredores.

O Servizo de Monte de Ourense engade que a construción de pistas forestais débese axustar ao artigo 98 da Lei de Montes de Galicia e deberá manterse a operatividade dos puntos de carga para a extinción de incendios forestais, tanto para os medios terrestres como para os medios aéreos, sen que en ningún caso se dificulte o acceso.

- O **Instituto de Estudos do Territorio** informa que o principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as áreas afectadas pola incidencia visual caben destacar os núcleos de poboación, rurais e urbanos, as AEIP, os miradoiros, e o Camiño de Santiago (Camiño de Inverno). Esta incidencia visual aínda que non supón un impacto crítico, non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais. A este respecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de





realizar plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes (directriz de paisaxe DX.20.c).

Ademais, produciranse outros impactos paisaxísticos como é a afección aos afloramentos rochosos de cuarcitas existentes no camiño de acceso entre os aeroxeradores XD-3 e XD-4. A este respecto, deberase estudar no proxecto de execución a posibilidade de axustar o trazado do mesmo mediante o seu desprazamento, a fin de minimizar a afección a estes elementos de valor. Tamén se deberá recoller no EIIP o indicado sobre a medida correctora de creación de barreiras vexetais sen que sexa necesario someter esta documentación a novo informe do IET.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

- A **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural** informa que desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, emítese informe favorable dos documentos: *Estudo de Impacto Ambiental Parque eólico Xeada. Decembro 2021 e Proxecto de interese autonómico Parque eólico Xeada. Setembro 2021*, nos termos municipais de Vilamartín de Valdeorras e A Rúa (Ourense) e Quiroga (Lugo), co cumprimento das medidas correctoras, tanto as mínimas como as recomendadas, establecidas no avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, que constitúe o Anexo G do EIA e debéndose, en todo caso, ter en conta as seguintes consideracións:

I. O viero de acceso ao parque eólico, ao seu paso polos marcos territoriais identificados na prospección arqueolóxica (Marco do alto do Pedriño e Marco do Couto), deberá rectificarse de xeito que se manteña unha distancia mínima cos elementos de 5 m. A gabiá de cableado discorrerá pola beira oposta á que se localizan os elementos, que permanecerán balizados mentres duren as obras na súa área de protección.

II. Dado que a densa vexetación impediu que se puideran revisar correctamente as posicións dos aeroxeradores e parte da infraestrutura asociada, previo ao inicio da obra considerase necesario levar a cabo una roza baixo control arqueolóxico que permita prospeccionar a zona de forma axeitada. Os resultados desta actuación serán postos en coñecemento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para que como organismo competente na materia, poida decidir sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

III. A totalidade dos traballos de construción do parque eólico realizarase baixo control e seguimento arqueolóxico, facéndose un seguimento presencial na contorna da necrópole de *Monte das Medorras/As Medorras*. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos. A tal fin e previo ao inicio das obras, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). Dito proxecto incorporará tódalas medidas correctoras propostas no Anexo G do EIA e aquelas outras que deriven das consideracións técnicas deste informe. No caso de identificarse novos bens arqueolóxicos, avaliarase o impacto das obras sobre os mesmos, estableceranse as medidas correctoras oportunas e comunicaranse inmediatamente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

IV. Como medida compensatoria, realizarase un estudo en profundidade da necrópole do *Monte das Medorras/As Medorras* que permita documentar a importancia da mesma e poñer en marcha as correspondentes medidas preventivas que eviten o seu continuo deterioro.

V. O Proxecto de Interese Autonómico debe incorporar nos planos referentes a proposta de ordenación urbanística a actualización patrimonial feita e recollida no Anexo G do EIA. Á espera das delimitacións de protección específicas, os contornos de protección definiránse de acordo co art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.





VI. Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais nos seus catálogos urbanísticos de protección e nas súas planimetrías de ordenación.

VII. Unha vez rematada a totalidade das obras, certificarase o estado final dos elementos do patrimonio cultural. Se é necesario, redactaranse e presentaranse, como anexo a Memoria Técnica derivada do Proxecto de control e seguimento arqueolóxico, fichas normativizadas con información actualizada dos novos bens ou daqueles bens arqueolóxicos que sufriron algún tipo de modificación.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

- A **Dirección Xeral de Patrimonio Natural** informa que á vista dos antecedentes, da análise da documentación e dos datos achegados polos Servizos de Patrimonio Natural de Ourense e Lugo, considérase que non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, polo que se emite informe favorable, supeditado a que se autorice coas seguintes condicións:

VIII. Os aeroxeradores deben estar espazados un mínimo de 5 veces o diámetro do rotor (850 m de manterse as dimensións da máquina proxectada), polo que non se instalarán os aeroxeradores que non cumpran esta condición.

IX. A superficie de hábitat de caza perdida debaixo de cada aeroxerador, estimada mediante un círculo cuxo diámetro sexa 1,5 veces o diámetro do rotor, debe ser substituída por unha superficie equivalente de terreos nos que se fomenta o desenvolvemento de poboacións de lagomorfos e galliformes.

A localización dos terreos debe ser, preferentemente, dentro da Rede Natura 2000 e/ou as zonas críticas do aguia real; na súa falta, dentro da zona de presenza do aguia real; en calquera caso, o máis próximo ás instalacións proxectadas. Os terreos elixidos non serán aptos actualmente, como consecuencia da cuberta vexetal existente, como hábitat de caza do aguia real.

Débase aumentar a biomasa de presas polo menos ata niveis suficientes como para que se alimente unha parella de aguías reais ao longo do ano. O obxectivo deberá alcanzarse mediante melloras do hábitat, sen recorrer a soltas.

Estas superficies estarán vedadas á actividade cinexética.

Antes da posta en funcionamento do parque eólico deberán estar plenamente operativas estas superficies, cuxa localización e condicións de xestión (preferentemente mediante un aproveitamento gandeiro) deberán ser aprobadas previamente polo Servizo de Patrimonio Natural da provincia na que se achen.

No plan de vixilancia ambiental recollerase información sobre a densidade de presas e o cumprimento das condicións de xestión aprobadas.

- X. Previamente ó inicio dos traballos, será comprobada a ausencia, na zona obxecto das actuacións, de especies protexidas que poidan ser danadas. De atoparse ou demostrarse a existencia de especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA), prohibese calquera actuación que lles afecte. Neste suposto, comunicarse ao Servizo de Patrimonio Natural de Ourense para tomar as medidas oportunas e, no seu caso, solicitar a correspondente autorización administrativa, segundo recolle o artigo 11 do Decreto





88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas. Este extremo será de especial aplicación aos taxóns de flora ameazados que se poidan atopar no ámbito de afección do proxecto, incluída a rede primaria de xestión de biomasa conforme aos requirimentos da Lei 3/2009, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e á fauna anfibia asociada ás zonas húmidas.

- XI. En ningún momento os hábitats de interese comunitario existentes na contorna, fora da zona das actuacións, poderán verse afectados directamente polos traballos, nin indirectamente por tarefas asociadas aos mesmos (tránsito de maquinaria, depósito de subprodutos, remoción do solo,...).
- XII. Evitarase o depósito de residuos ou produtos sólidos en zonas onde os escoamentos produzan arrastres aos cursos fluviais, coa conseguinte contaminación de augas continentais.
- XIII. Queda prohibida calquera vertedura de material contaminante (cemento, formigóns, alcatrán, pintura, etc). Así mesmo, tomaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derrames accidentais dos depósitos de almacenamento de produtos como aceites, graxas e carburantes de motores.
- XIV. Todas as augas que saian das zonas de instalacións das obras, derivaranse e someteranse a un sistema de desbaste e decantación de sólidos e someteranse a un sistema de desbaste e decantación de sólidos, regulación do pH e eliminación de aceites e graxas.
- XV. A restauración tanto das zonas desmanteladas como das zonas afectadas polas novas actuacións realizaranse segundo o plan de restauración coa finalidade de recuperar os hábitats de interese comunitario existentes na contorna.
- XVI. Así mesmo cabe facer énfase na importancia da aplicación de accións para a protección da avifauna e os quirópteros, polo que se fai oportuno que o proxecto incorpore medidas adicionais que garantan a minimización do impacto por colisión, tal que:

Para os quirópteros:

- a. Restrinxirase a rotación das pas das turbinas o máis posible por baixo da velocidade de réxime, determinando a velocidade do vento en buxe por baixo da cal os aeróxeradores permanecerán parados.

Non obstante, a mortalidade por colisión está vinculada á actividade dos morcegos, e esta ven condicionada por múltiples factores, variando ao longo do ano, a hora do día, a especie, etc. Por outra parte, a súa actividade depende tamén da velocidade do vento, que, á súa vez, é o principal factor que determina a produción da instalación.

No caso de que se queira operar a velocidades inferiores á velocidade de réxime, deberá realizarse un estudo que analice con detalle as frecuencias de voo reais, na área de rotación das pas, de cada especie de morcego en función das condicións de operación que se pretendan aplicar (mes do ano, horario diario, velocidades do vento, etc.).

Este estudo poderá presentase en calquera momento, antes ou despois da instalación do parque eólico para modificar as condicións da DIA.

- b. No plan de vixilancia ambiental informarase sobre os tempos que a velocidade do vento foi inferior ao limiar establecido e a porcentaxe en que os aeróxeradores permaneceron parados por este motivo.

Para as aves:





a. Implementar tecnoloxías de redución do impacto por colisións como sistemas de detección baseados en vídeo (DtBird ou similar), que son sistemas que traballan de forma independente para facer un seguimento das aves e mitigar a mortalidade das rapaces nos emprazamentos de turbinas eólicas. O sistema detecta as aves automaticamente e pode adoptar dúas medidas sucesivas para mitigar o risco de colisión das aves: activar sons de alerta e, no caso de ser insuficiente, parar a turbina eólica.

b. En todo caso, como medida disuasoria pasiva, se debe pintar unha das aspas de cada un dos aeroxeradores, polo menos en 2/3 desde a punta da pa.

O plan de vixilancia ambiental medirá a mortalidade observada neste parque e a comparará coa mortalidade dos parques lindeiros xa existentes (con aeroxeradores sen pintar) para informar si a medida é ou non eficaz, e para que especies.

Finalmente engadir que respecto ao impacto paisaxístico e turístico, prevalece a conservación das especies

O plan de vixilancia ambiental avaliará tanto o impacto do parque eólico por colisión sobre as aves e os morcegos, como a efectividade das medidas requiridas nos parágrafos anteriores.

XVII. Noutro orde de cousas, e en relación ao lobo, tense que dar cumprimento ao punto 18 ("Efecto barreira das infraestruturas"), apartado 5, do Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia. Neste senso, no primeiro ano de funcionamento do parque eólico, como parte do plan de vixilancia ambiental, débese remitir á Dirección Xeral de Patrimonio Natural un estudo con datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia do parque eólico e debe realizarse unha avaliación e seguimento das afeccións da instalación eólica sobre a poboación de lobos; estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc.

En data de 01/11/2022 o promotor acepta as conclusións do informe e retira 2 aeroxeradores, en concreto os X2 e o X5.

En data de 20/12/2022 a Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un informe complementario en materia de sinerxias e efectos acumulativos onde conclúe, á vista dos antecedentes e da análise e valoración realizada, que este parque sitúase nunha contorna onde se considera que o aumento de densidade de aeroxeradores non producirá efectos sinérxicos incompatibles no ámbito das competencias desa Dirección Xeral.

- A **Sociedade Galega de Historia Natural** recolle diversas cuestións que na súa vertente ambiental xa son informadas polos organismos sectoriais.
- O **Concello de A Rúa** informa sobre diversas cuestións, dentro das súas competencias, que o promotor deberá ter en conta na tramitación e execución do proxecto
- A **Dirección Xeral de Saúde Pública**, en data de 1/12/2022, informa que sen prexuízo do cumprimento das consideracións recollidas en cada un dos epígrafes do apartado de avaliación do seu informe e das competencias atribuídas a outros departamentos e organismos na materia, logo da análise da documentación achegada en relación o estudo de impacto ambiental do parque eólico Xeada, e tras a valoración dos aspectos relativos á saúde ambiental, emítese informe favorable con respecto ás posibles afeccións ambientais no ámbito da saúde pública.

Así mesmo, consta un informe dos Servizos de Enerxía e Minas das Xefaturas Territoriais da Consellería de Economía e Industria das provincias de Lugo e Ourense e un informe do Servizo de Enerxías





Renovables e Eficiencia Enerxética, na súa condición de unidades tramitadoras do órgano substantivo, que recollen as características técnicas do proxecto, un resumo da tramitación practicada no expediente, tanto no referente á obtención dos condicionados técnicos do proxecto como á tramitación ambiental e os resultados da información pública, e no cal conclúe que procede continuar coa tramitación da avaliación de impacto ambiental e autorización administrativa previa.

Segundo o previsto polo artigo 24 da Lei 9/2021/ do 25 de febreiro, de simplificación administrativa y de apoio á reactivación económica de Galicia, enténdese que os informes non remitidos é debido a que o órgano substantivo entendeu que son favorables.

2.3. Efectos acumulativos e sinérxicos.

No estudo de sinerxias do EsIA tivéronse en conta as infraestruturas existentes e as proxectadas nun radio de afección de 10 km de distancia ás instalacións do parque eólico Xeada, considerando así os seguintes parques eólicos de Lugo e Ourense (algúns incluso comparten servizos e teñen instalacións dentro da poligonal de actuación do proxecto en estudo):

- Parque eólico Cernego (en funcionamento, 7 aerogeneradores).
- Parque eólico Neboada (con información pública, 8 aerogeneradores).
- Parque eólico Orballeira (con información pública, 5 aerogeneradores).

Conforme á cartografía do Plan Básico Autonómico de Galicia (PBA), constatouse tamén a presenza na zona dunha extensa rede de liñas eléctricas de media e alta tensión, especialmente ó Sur e Oeste da poligonal do proxecto.

Neste apartado móstrase un resumo dos efectos aditivos e/o sinérxicos que sucedan entre os elementos do presente proxecto (PE Xeada) con outras infraestruturas próximas. Realizouse unha análise en función de distintos aspectos ambientais e ata un máximo de 10 km de distancia ampliado a 15 km no caso da paisaxe. A identificación e valoración dos potenciais impactos sinérxicos e/o acumulativos do futuro Parque Eólico co resto de instalacións inventariadas, centra a súa análise nos que se consideran relevantes partindo daquelas accións que forman parte da actividade das instalacións obxecto de estudo, e que poderían ser susceptibles de producir incidencias de carácter sinérxico e/o acumulativo sobre a contorna, tendo en conta tan só a fase de explotación por tratarse de proxectos xa executados e en funcionamento; neste sentido, tampouco se terá en conta a fase de desmantelamento pois se trata de instalacións preexistentes, entendendo que o final da súa vida útil non debería solaparse co do novo Parque Eólico.

Para iso constrúese unha matriz de identificación de impactos segundo actividades potencialmente impactantes e elementos do medio susceptibles de ser impactados, diferenciando os seguintes tipos de impactos:

- Impactos non significativos, sexan ou non sinérxicos e/o acumulativos (en cor de texto negro).
- Impactos sinérxicos e/o acumulativos a escala local (en laranxa).
- Impactos sinérxicos e/o acumulativos a maior escala (en vermello).





MATRIZ DE IDENTIFICACIÓN DE IMPACTOS SINÉRGICOS Y/O ACUMULATIVOS			
Componente ambiental			Actuacións en Fase de Funcionamiento
CLIMA			Contribución al cambio climático
MEDIO NATURAL	MEDIO ABIÓTICO	Atmósfera	Emisión de luz, parpadeo de sombras, ruido y campos electromagnéticos
		Suelo	Ocupación y sellado Vertidos accidentales
		Hidrología	Ocupación de zona policía Vertidos accidentales
	MEDIO BIÓTICO	Flora	Eliminación de vegetación por ocupación de AGs y línea de evacuación
		Fauna	Molestias por ruidos Deterioro de hábitats Efecto barrera: Colisión de avifauna y quirópteros contra AGs
	PATRIMONIO NATURAL		Cruces con vías pecuarias Ocupación de HIC
	PAISAJE		Intrusión visual de elementos antrópicos
	MEDIO SOCIOECONÓMICO	Patrimonio Cultural	Evaluable en paisaje
		Empleo y renta	Creación de puestos de trabajo
		Población	Uso de infraestructuras públicas Molestias por ruidos

Para a identificación dos impactos acumulativos e sinérxicos se parte do coñecemento das accións e elementos da actividade proposta que poden inducir cambios nas características naturais do ámbito de estudo e modificar a calidade ambiental do mesmo. Partindo dos impactos simples que orixinan as infraestruturas en proxecto analizáronse os posibles efectos acumulados e sinérxicos que puidesen derivarse deles.

Os impactos negativos máis relevantes, son os que afectan a:

- Cambio Climático. - Perda de biodiversidade e zonas naturais.
- Fauna.
- Paisaxe. Estudo de impacto ambiental Parque eólico Xeada Decembro 2021 [141] sinérxicos e/o acumulativos

A valoración de efectos sinérxicos realizarase de forma numérica en base ao establecido na metodoloxía de Identificación da Importancia e Magnitude de Impactos Ambientais (avaliación cuantitativa) segundo V. Conesa (Guía Metodolóxica para a Avaliación do Impacto Ambiental, ano 2010, 4ta edición). Para iso distínguense os seguintes aspectos do efecto sinérxico e, posteriormente, valóranse cuantitativamente:

- Signo
- Relación causa-efecto
- Intensidade
- Duración
- Periodicidade
- Manifestación
- Magnitude
- Tipo
- Reversibilidade
- Recuperabilidade
- Extensión

Posteriormente calcúlase o valor da importancia do impacto sinérxico, é dicir, a importancia do efecto dunha acción sobre un factor ambiental é a estimación do impacto en base ao grao de manifestación cualitativa e cuantitativa do efecto, así mesmo sinalase que non debe confundirse coa importancia do factor ambiental afectado. A importancia do impacto ven representada por un número que se deduce da seguinte fórmula:

IMPORTANCIA = $\pm (3 \times \text{Intensidade} + 2 \times \text{Extensión} + \text{Momento} + \text{Persistencia} + \text{Reversibilidade} + \text{Sinexía} + \text{Acumulación} + \text{Efecto} + \text{Periodicidade} + \text{Recuperabilidade})$ Como última fase do cálculo, procédese á asignación do valor da magnitude do impacto, que se define como a variación da calidade





do factor como consecuencia da acción, virá dada pola diferenza entre a magnitude, en termos de calidade, que presentará o factor antes e despois de ser impactado, o que equivale a medir a cantidade de factor alterado. A magnitude do impacto vén representada por un número que se deduce da seguinte fórmula:

$MAGNITUDE = 0.3 \times \text{Intensidade} + 0.4 \times \text{Extensión} + 0.4 \times \text{Persistencia}$ Ao multiplicar estes dous factores (Importancia e Magnitude), obtense un valor que representa o tipo de impacto sinérxico en relación á súa importancia e magnitude sobre o ambiente. Os tipos de impacto se detallan a continuación:

IMPACTO POSITIVO		
Tipo de Impacto	Código de Colores	Rango
Ligero		14,3 . Impacto . 100
Moderado		100 < Impacto . 300
Bueno		300 < Impacto . 600
Muy Bueno		600 < Impacto . 1000

IMPACTO NEGATIVO		
Tipo de Impacto	Código de Colores	Rango
Leve – compatible		-14,3 . Impacto . -100
Moderado		-100 > Impacto . -300
Severo		-300 > Impacto . -600
Crítico		-600 > Impacto . -1000

Tras avaliar os impactos en base á metodoloxía de Identificación da Importancia e Magnitude de Impactos Ambientais (avaliación cuantitativa) segundo V. Conesa (Guía Metodolóxica para a Avaliación do Impacto Ambiental, ano 2010, 4ta edición), valóranse as sinerxias da seguinte forma:

Actuación analizada	Importancia	Magnitud	Tipo de Impacto	Caracterización
Contribución al cambio climático	66	7,2	+ 475,2	Bueno
Emisión de luz, flickering, ruido y campos electromagnéticos	16	1,1	-17,6	Leve-compatible
Molestias por ruidos	16	1,1	-17,6	Leve-compatible
Deterioro de hábitats	16	1,1	-17,6	Leve-compatible
Efecto barrera (avifauna)	45	3,6	-162	Moderado
Intrusión visual de elementos antrópicos	36	2,2	-79,2	Leve-compatible
Creación de puestos de trabajo	66	7,2	+ 475,2	Bueno

En conclusión, identifícanse tres tipos de sinerxias: - Positivas: contribución ao cambio climático e creación de postos de traballo. - Negativas pero compatibles e leves: emisión de luz, ruído e campos electromagnéticos, molestias por ruidos, deterioración de hábitats e intrusión visual de elementos antrópicos. - Negativas pero moderadas: efecto barreira (avifauna). Neste caso hanse de atender ás medidas preventivas, correctoras ou/e compensatorias establecidas no EsIA en cada un dos parques identificados.

En relación ao indicado polos organismos en relación ás sinerxias do proxecto:





A **Confederación Hidrográfica do Miño-Sil** informa que trala análise da documentación obrante nas súas dependencias, o proxecto se pretende levar a cabo nun área na que se planifican varios proxectos semellantes, polo que en aplicación do principio de non deterioro do Plan Hidrolóxico Miño-Sil, se debería proceder a avaliar e se procede cuantificar os efectos previsibles directos ou indirectos, acumulativos e sinérxicos do proxecto en base ao disposto no artigo 35.c da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

En resposta ao antedito, o promotor presta conformidade ao solicitado.

O **Instituto de Estudos do Territorio** informa que o principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as áreas afectadas pola incidencia visual caben destacar os núcleos de poboación, rurais e urbanos, mencionados no apartado anterior, as AEIP, os miradoiros, e o Camiño de Santiago (Camiño de Inverno). Esta incidencia visual aínda que non supón un impacto crítico, non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais. A este respecto, e como xa se indicou en anteriores informes, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de realizar plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes (directriz de paisaxe DX.20.c).

A **Dirección Xeral de Patrimonio Natural** constata no seu informe a acumulación de impactos na zona pola presenza de un parque existente, dous parques en tramitación e unha densa rede de liñas eléctricas.

A vista do anterior, e a fin de reducir a densidade de aeroxeradores impón un espazado mínimo das máquinas.

Á vista do antedito o promotor elimina do deseño orixinal os aeroxeradores 2 e 5 tralo cal a Dirección Xeral de Patrimonio Natural considera que os efectos sinérxicos non son incompatibles

A **Sociedade Galega de Historia Natural** solicita que o EIA avalíe os impactos acumulativos e sinérxicos cos outros parques eólicos (autorizados ou proxectados, incluídas as repotenciacións), así como das restantes infraestruturas asociadas (tendidos eléctricos, subestacións, pistas de acceso, etc.), nun radio de 10-15 km, a tal se ten analizado polos diferentes órganos sectoriais, tal e como se recolle ao longo desta Declaración de Impacto

2.4. Alegacións.

No tocante a alegacións con contido ambiental, no expediente remitido polo órgano substantivo constan as presentadas por 35 particulares e 9 asociacións de ámbito ecoloxista e 3 CMVMC.

Unha parte do contido de varias das alegacións non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito competencial do órgano ambiental (bens e dereitos afectados, afección económica ás explotacións forestais e agro-gandeiras e retorno social, expropiacións de terreos, seguridade industrial, Plan sectorial eólico, fragmentación do proxecto, aspectos urbanísticos, etc.) que de ser o caso son obxecto doutras fases da tramitación por parte do órgano substantivo de cara ao outorgamento da autorización administrativa do proxecto, ou ben non atinxe á tramitación da avaliación de impacto ambiental de proxectos de cara á formulación da declaración de impacto ambiental.

No que se refire exclusivamente aos aspectos que poden atinxir a avaliación de impacto ambiental de proxectos (impacto ambiental en xeral, incidencia sobre os núcleos de poboación, a saúde da poboación, a contaminación acústica, emisións de po, afeccións ao patrimonio cultural, impacto





paisaxístico, afeccións á hidroloxía e hidroxeoloxía, humidaís, afeccións ao solo, posibles efectos acumulativos ou sinérxicos con outros parques eólicos e infraestruturas asociadas, afeccións a flora, fauna (aves, quirópteros, lobo etc), hábitats naturais e biodiversidade, impacto turístico, etc.), e sen prexuízo das aclaracións ou informacións achegadas polo promotor nas súas respostas ás ditas alegacións, cabe referirse aquí ao recollido neste mesmo apartado 2 da DIA en relación cos informes emitidos polos organismos sectoriais con competencias nas materias aludidas, á documentación complementaria que se incorporou ao expediente ao longo da tramitación, ao condicionado do apartado 4, ao programa de vixilancia e seguimento ambiental do apartado 5 e á propia consideración final da DIA respecto da viabilidade ambiental do proxecto co cumprimento das condicións e medidas que se establecen ao longo deste documento ademais das que figuran no EslA e a restante documentación avaliada no marco do trámite ambiental.

3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que o proxecto do parque eólico Xeada consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 19,8 MW de potencia total nos concellos de Quiroga, na provincia de Lugo e A Rúa e Vilamartín de Valdeorras na provincia de Ourense constituído por 3 aerogeradores de 6,6 MW de potencia nominal unitaria, que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29T):

Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
a	654.218	4.702.322
b	656.110	4.705.195
c	658.912	4.706.051
d	653.099	4.695.339
e	652.585	4.695.379
f	649.703	4.697.437
g	651.922	4.701.183

A localización dos aerogeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle no plano EG353030102 PA04, *planta xeral*, do proxecto de execución do parque eólico Xeada.

4. CONDICIÓN AMBIENTAIS.

No desenvolvemento do proxecto aplicaranse as medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental propostas na documentación presentada polo promotor, nas súas addendas, nos informes dos que consta o expediente e demais documentación avaliada na tramitación ambiental, tendo en conta que as condicións ou medidas dos informes prevalecerán fronte as do estudo ambiental ou a restante documentación no caso de contradición entre elas e que, en todo caso, calquera condición desta DIA prevalece fronte ás anteriores, xa que esta é preceptiva e vinculante en todos os seus extremos, segundo o exposto no artigo 5 apartado 4 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

4.1. Condicións particulares

1 En relación co que respecta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o promotor deberá elaborar unha proposta detallada referente ás medidas adicionais sinaladas pola dita D.X., para garantir: a minimización do impacto por colisión en aves e quirópteros e a protección do lobo, así como ás actuacións a desenvolver para verificar a eficacia das ditas medidas..

Para a realización dos estudos ou seguimentos das especies protexidas deberá contar coa autorización explícita da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.





O documento que elabore o promotor para dar cumprimento ao anterior deberá contar, previamente ao inicio das obras, co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

O órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación na que se basee, de acordo co requirido na condición 4.3.4 da DIA.

2 En canto á posible afección do proxecto sobre a poboación e a saúde humana en relación co efecto parpadeo de sombras (*shadow flicker*) durante a fase de funcionamento do parque, e en consonancia co recollido na documentación avaliada, nos potenciais receptores non se poderán superar os limiares de exposición que en cada momento estableza a autoridade competente, téndose que adoptar as medidas mitigadoras oportunas (por exemplo, instalación de barreiras ou pantallas) ou programar paradas temporais dos aeroxeradores implicados no caso de que se supere o limiar recomendado e realízase o correspondente estudo do caso real para o que contará, previo inicio de obras, co informe favorable da Dirección Xeral de Saúde Pública.

3 Previo inicio da obra, o promotor deberá contar cos informes favorables dos seguintes organismos: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

O órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, exclusivamente para a súa constancia no expediente, unha copia dos ditos informes e da documentación na que se basee.

4 O promotor deberá depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo da restauración, conforme o disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Propónse como importe do aval, que será actualizable e deberá fixar o órgano substantivo, a cantidade de 482.785 euros, dos cales 231.737 euros corresponden á fase de obras e 251.048 euros á de desmantelamento e abandono do parque eólico.

Para a cancelación do dito aval será preciso o informe favorable do órgano ambiental, logo do levantamento dunha acta de comprobación pola inspección ambiental conforme establece o referido Decreto 455/1996.

A solicitude de cancelación realízase a través do órgano substantivo, e só se poderá efectuar unha vez estean totalmente rematados os labores de restauración e integración paisaxística e logo de que o promotor acredite, mediante os informes do programa de vixilancia ambiental, a suficiencia e o éxito dos traballos efectuados, tanto os referentes á restauración (coa vexetación debidamente implantada) como ás demais actuacións relacionadas coa imposición do aval ambiental.

4.2. Condicións xerais

Ademais do condicionado establecido no punto anterior, ao proxecto seranlle de aplicación, segundo proceda, as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriormente indicadas:

4.2.1 Protección da atmosfera

1. Co fin de minimizar a emisión de po durante a fase de obras, nos períodos de seca procederase á rega dos vieiros e das superficies onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras. Ao comezo das obras deberán terse dispostos na zona os medios necesarios para tal fin.

2. Os camións que transporten terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou dispositivo similar. Así mesmo procederase, no caso de ser necesario, ao lavado das rodas dos camións á saída da zona de obras.





3. Os niveis de presión sonora debidos á construción e funcionamento do parque deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas (emprego de mantas de goma durante as voaduras, incremento do illamento dos equipos, correcto mantemento das instalacións, pantallas de illamento acústico, etc).

Para tal fin, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque o promotor levará a cabo un plan de seguimento do nivel de ruído ao abeiro do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia de desenvolvemento da normativa básica estatal en materia de ruído, por unha entidade acreditada polo organismo nacional de acreditación (ENAC) como laboratorio de ensaios acústicos ou como entidade acreditada, en ambos casos, no ámbito do ruído ambiental, tendo en conta os aspectos que se indican no punto 5.2 desta DIA.

4.2.2 Protección das augas e leitos fluviais

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na zona de servidume e policía de leitos, incluíndo zonas de fluxo preferente e zonas asolagables así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, que deberá ser solicitada e obtida polo promotor previamente ao inicio das obras.

En calquera caso, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril), así como na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia e, no que sexa aplicable, o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, e demais normativa que resulte de aplicación, entre ela as disposicións normativas dos plans hidrolóxicos.

2. En calquera zona onde poida existir risco de desencadeamento de procesos erosivos, de incorporación de sólidos ás augas e/ou de modificación do réxime hídrico, extremaranse as precaucións na execución e control das obras e na adopción das medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental que figuren na documentación avaliada, así como as que se deriven desta DIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación do dominio público hidráulico e a calidade das súas augas.

Neste sentido, conforme avance a obra procederase a estabilizar os noiros de desmonte e/ou terraplén que se xeren, co obxecto de previr fenómenos erosivos e a incorporación de sólidos ás augas. Porase especial coidado na adopción das medidas fronte os arrastres e escorregamentos, tal e como se establece na condición 4.2.3.5 da DIA

3. A calidade das augas manterase de xeito que, co motivo das obras, non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e utillaxe nos cursos de auga nin en ningún outro elemento do dominio público hidráulico. Prohíbese a vertedura directa ou indirecta de augas residuais ou produtos susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico sen a correspondente autorización de vertedura.

Para tal fin, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate a ausencia de afeccións, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas.

4. Non se acumularán substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do dominio público hidráulico e/ou degradación do seu contorno.

Polo que durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.





5. Non se afectarán, ou de ser o caso terán que ser repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se poidan atopar na área de influencia das obras, téndose que garantir a compatibilidade da actuación cos usos preexistentes. De igual xeito, respectaranse as fontes e mananciais que puideran existir na zona.

Neste sentido, na execución dos alicerces e das gabias do cableado haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes, aínda que estas non presentaran aparencia de afectación

6. Na rede viaria do parque disporanse as estruturas de drenaxe transversal e lonxitudinal necesarias para non modificar o actual réxime hidrolóxico da zona e permitir a libre circulación das augas. Evitarase a xeración de zonas asolagadas, o trasvase de auga dunha microcunca a outra ou a concentración de grandes fluxos de auga en valgadas con escasa capacidade de acollida.

A incorporación das augas procedentes da rede de drenaxes do parque cara o dominio público hidráulico deberá ser gradual, polo que á saída das drenaxes transversais e nos puntos onde a auga das cunetas se incorpore ao terreo, así como nos tramos de cuneta en zonas de elevada pendente, dispoñeranse sistemas protectores e/ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, arrastres de materiais, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas aos cursos naturais.

Tanto na fase de obras como na de explotación do parque realizarase un control do correcto funcionamento desta rede de drenaxes, do estado dos dispositivos de disipación de enerxía e das condicións de incorporación das augas de drenaxe á rede natural, téndose que adoptar as medidas protectoras e correctoras oportunas no caso de producirse os citados fenómenos. Así mesmo, a rede de drenaxes será obxecto dos oportunos labores de mantemento para garantir a súa operatividade.

Para tal fin, o promotor deberá contar cun plan de control da rede de drenaxes do parque, incorporándoo ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

7. O formigón necesario para a execución do proxecto será provisto desde planta ou plantas localizadas fóra da obra e que contén coas debidas autorizacións.

8. A limpeza das cubas das formigoneiras realizarase nas plantas subministradoras sempre que sexa posible. De non ser así, poderá habilitarse unha balsa para tal fin, que deberá estar adecuadamente impermeabilizada e afastada de cursos fluviais. Os restos nela almacenados deberanse entregar a un xestor autorizado ou, no caso de que se pretenda a súa vertedura ao medio, deberá obterse a correspondente autorización de vertedura.

9. O edificio de control deberá contar cunha fosa séptica para o tratamento das augas residuais que se xeren nel. No caso de que a dita fosa non sexa de tipo estanco, o promotor deberá obter do organismo de cunca a correspondente autorización de vertedura. Así mesmo, realizaráselle o mantemento necesario para garantir o seu correcto funcionamento.

4.2.3 Protección do solo e infraestruturas

1. Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites das zonas de obra e da localización de todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, que se axustarán ao que se derive desta DIA. Non se poderán ocupar terreos fóra dos previstos.

2. Delimitaranse as distintas zonas de obra mediante o seu balizamento, que deberá manterse en perfecto estado durante o transcurso da actuación e ser retirado cando esta finalice.

3. Con carácter xeral, non se efectuarán préstamos na zona salvo xustificación previa, en cuxo caso seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de





valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocios resultantes serán restaurados ao finalizar a obra.

4. No caso de ter que realizar algún depósito de sobranceiros de escavación que non poidan ser empregados na propia obra, o promotor deberá contar cos permisos ou autorizacións que resulten oportunos, e proceder á súa restauración e revexetación unha vez rematada a obra.

5. Cando se executen obras en zonas de elevada pendente deberánse dispoñer mallas antiescorrega ou calquera outra medida adecuada para evitar o arrastre ou rodadura de materiais ladeira abaixo. O estado e a operatividade dos dispositivos antiescorrega será obxecto de control exhaustivo durante a execución das obras. En calquera caso, de producirse arrastres, deberán ser retirados e depositados nun lugar autorizado e a zona devolta ao seu estado orixinal.

6. Adoptaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derramos accidentais de produtos contaminantes como aceites, graxas e carburantes de motores.

7. No caso de ter que realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas, ...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberán retirarse da zona e ser depositados nun lugar autorizado.

8. A circulación de vehículos e maquinaria no parque, tanto na fase de obra como na de funcionamento, restrinxirase unicamente aos vieiros e zonas acondicionadas para o efecto (áreas de manobra).

9. Os elementos do parque non poderán supoñer un obstáculo para o normal uso das pistas ou devasas que puideran existir na zona, debéndose garantir a súa operatividade.

10. Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo.

11. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente debido á execución da actuación, deberá restituírse a súa calidade e funcionalidade aos niveis previos ao inicio das obras.

4.2.4 Xestión de residuos

1. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da construción, explotación e desmantelamento do parque eólico deberán xestionarse en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe e a reutilización fronte á vertedura.

2. Para a zona destinada a casetas de obra, parque de maquinaria, acopios de materiais, etcétera, deberá seleccionarse unha localización de baixo valor ambiental, escasa pendente e afastada de calquera curso de auga, hábitats de interese comunitario ou área de protección arqueolóxica.

A dita zona deberá estar dotada das medidas necesarias para evitar a contaminación do solo e das augas e dos medios adecuados para a recollida de posibles verteduras. As casetas de obra deberán dispoñer dun sistema estanco de tratamento químico das augas residuais.

Así mesmo, co obxecto de evitar a dispersión de accións potencialmente contaminadoras e favorecer un adecuado control ambiental, no caso de que finalmente sexa necesario dispoñer dunha área de limpeza das cubas das formigoneiras tendo en conta o sinalado na condición 4.2.2.8, esta localizarase preferiblemente na zona dedicada ás instalacións de obra.

3. Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras realizaranse preferiblemente en talleres autorizados, eliminando así o risco de derramos accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), estas tarefas poderanse realizar na zona destinada a





instalacións de obra, que deberá estar adecuadamente dotada segundo o establecido na condición anterior.

4. O almacenamento temporal de residuos ata a súa entrega a xestor autorizado realizarase na área de casetas de obra/parque de maquinaria durante a fase de obras, e no recinto da subestación/edificio de control/centro colector durante a fase de funcionamento. Sinalizarase claramente a presenza dos distintos tipos de residuos e cumprirase en todo momento coas normas de almacenamento establecidas na lexislación vixente.

5. Antes do inicio da fase de explotación deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados durante a execución das obras.

4.2.5 Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais

Con carácter xeral, no desenvolvemento do proxecto garantirase que non se vexan afectados compoñentes do medio natural (tal que as especies de flora e fauna ou os hábitats naturais) que gocen dun réxime de protección legal, atendendo ao disposto nas leis 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, sen prexuízo de calquera outra normativa que lles resulte de aplicación.

4.2.5.1. Sobre a fauna

1. Para levar a cabo os labores de corta e roza de vexetación, así como os movementos de terras, escolleranse datas fóra das épocas de nidificación e cría da fauna máis sensible a este tipo de actuacións (prestando especial atención á que puidera gozar dalgún réxime de protección legal), adoptando en todo caso as medidas necesarias para non alterar á fauna.

2. Previamente aos labores de corta de arboredo verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. Atenderase especialmente á presenza de aves rapaces ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

3. Se entre as aves rapaces que poidan facer uso da zona do parque se atopasen rapinas do xénero *Circus* (tartaraña cincenta *Circus pygargus* e gatafornela *Circus cyaneus*, catalogadas como vulnerables no CGEA), que nidifican sobre o solo en ambientes de matogueira ou mixtos con pasteiros e polo tanto son susceptibles de verse afectadas polas obras, previamente aos labores de roza da vexetación levaranse a cabo as comprobacións necesarias para determinar a existencia ou non de parellas reprodutoras na área de afección directa das infraestruturas e instalacións proxectadas

No caso de detectar a súa nidificación na zona afectada polas obras, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, incluíndo o establecemento dun perímetro de exclusión duns 500 m de radio en torno ao niño, onde se evitará calquera actuación ata a finalización do período reprodutor (podendo continuar coas obras noutra zona do parque) e outro perímetro de seguridade de 500 m, onde se limitarán ao máximo as actuacións co obxecto de garantir a tranquilidade das aves.

4. Para aquelas especies de fauna que contén cun plan de recuperación, conservación ou xestión, adoptaranse as medidas e actuacións recollidas na dita planificación, cando proceda.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para minimizar o potencial impacto da rede viaria do parque sobre a pequena fauna (réptiles, anfibios, micromamíferos...), tanto polo risco de atropelo como polo efecto barreira, así como para garantir que as obras de drenaxe e outras estruturas non supoñan unha trampa para a dita fauna.

Ademais, no caso de que nalgún dos vieiros do parque sexa necesario colocar pasos canadenses para impedir o paso de gando, estes deberán ir dotados de medidas que posibiliten o escape dos pequenos





animais que poidan caer ao foxo. As ditas medidas poden consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, en dotar ao foxo dunha rampla de subida da fauna (con superficie rugosa e pendente suave), abrir un ou dous laterais do foxo ou darlle saída ao exterior mediante unha tubaxe de diámetro suficiente (mínimo 40 cm).

Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre a pequena fauna (incluíndo, de instalarse pasos canadenses, controis de mortalidade nos foxos), incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

6. Respecto á avifauna e os morcegos, realizaranse comprobacións periódicas que permitan determinar a existencia ou non de afeccións sobre os seus efectivos poboacionais e detectar cambios no comportamento e usos do hábitat producidos pola instalación e/ou presenza dos aeroxeradores.

No caso de que se detecte unha incidencia negativa, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir a dita situación, entre as que se poden considerar, sen prexuízo doutras, un incremento da frecuencia do seguimento, pintado de pas con patróns que incrementen a súa visibilidade, eliminación de gando morto (ou cubrición ata a súa retirada) para evitar atracción de aves preeiras, parada de máquinas en días con condicións meteorolóxicas moi desfavorables e de baixa visibilidade, establecemento de períodos de parada técnica dos aeroxeradores no caso de alcanzarse limiares de risco, instalación de disuasores automáticos, evitar a rotación das pas en horarios (ocaso e primeiras horas da noite), épocas do ano e condicións meteorolóxicas (baixas velocidades do vento, etc) de maior actividade de quirópteros, eliminación ou relocalización de aeroxeradores conflitivos, etcétera.

No caso concreto das especies preeiras, estarase ao disposto na Resolución do 21 de marzo de 2014 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se establecen determinadas medidas para previr as colisións de aves nos parques eólicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para tal fin, o promotor deberá levar a cabo un plan de seguimento da avifauna e quirópteros de acordo co sinalado no punto 5.2 da DIA.

7. Así mesmo, levarase a cabo un seguimento da posible aparición de efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos) sobre a avifauna e os quirópteros entre os parques eólicos que existan no contorno no momento en que este parque eólico entre en funcionamento (fosen ou non considerados na documentación avaliada). Teranse en conta tamén as súas infraestruturas de evacuación de enerxía se for o caso. Este seguimento realizarase mediante a valoración conxunta dos resultados dos seus respectivos plans de vixilancia, téndose que adoptar as medidas protectoras e/ou correctoras oportunas no caso de producirse a aparición deste tipo de efectos.

4.2.5.2 Sobre a vexetación e os hábitats naturais

1. Con carácter xeral, a eliminación da vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución do proxecto. Empregaranse sistemas mecánicos, non facendo uso do lume nin de fitocidas.

2. A corta de arboredo limitarase ao imprescindible, lembrando que previamente terá que presentar a declaración responsable ou solicitar a autorización segundo corresponda, así como a comunicación final ao remate do aproveitamento de ser o caso, en función do disposto na normativa de aplicación.

3. A realización dos aproveitamentos madeireiros implicará a extracción ou trituración da biomasa forestal residual, agás por razóns xustificadas ou aquelas outras establecidas consonte a lexislación en materia de montes.

4. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a súa valorización, evitando a queima in situ destes restos, que de ser o caso terá que contar coa preceptiva autorización. En calquera caso, terase presente a lexislación sectorial en materia forestal e de prevención e defensa contra os incendios forestais.





Neste contexto, no caso de optar pola extracción da biomasa forestal residual deberá garantirse a permanencia no monte ou terreo forestal dos restos forestais de menor tamaño nunha porcentaxe do 50 % sobre o total que se vai extraer. Unha vez executado o aproveitamento, en casos de corta final, deberán realizarse as actuacións necesarias encamiñadas á rexeneración da superficie afectada. No caso de que sexa depositada sobre o terreo, procederase a súa trituración e espaxamento homoxéneo, para permitir unha rápida incorporación ao solo, diminuír o risco de incendios forestais e evitar a aparición de enfermidades ou pragas.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para eliminar riscos de incendios, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque.

6. Para garantir a non afección e a conservación das especies de flora ameazada que puideran estar presentes na zona de actuación, adoptaranse as medidas preventivas oportunas (balizamento perimetral da súa localización, delimitación das áreas de presenza nos planos de obra, seguimento do estado de conservación dos exemplares e das medidas adoptadas, etc.) e de ser o caso, as medidas correctoras ou compensatorias necesarias. Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre as ditas especies, incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

7. En canto aos hábitats naturais, e co fin de garantir que as actuacións sexan compatibles coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, prestarase especial atención, sen prexuízo doutras, ás medidas de control sobre a afección a solos e vexetación que figuran nesta DIA, balizando adecuadamente as distintas zonas de obra e evitando afeccións non previstas.

8. Adoptaranse medidas preventivas para minimizar o risco de introdución de especies invasoras como consecuencia da execución do proxecto (información ao persoal de obra, limpeza previa da maquinaria, control da procedencia dos préstamos, emprego de especies autóctonas na revexetación,...). No programa de vixilancia ambiental incorporaranse os controis oportunos para acadar unha detección precoz desta situación. No caso de que se confirme a introdución, adoptaranse medidas de resposta rápida para erradicalas.

4.2.6 Integración paisaxística e restauración

1. Adoptaranse medidas que maximicen a integración paisaxística da actuación proxectada. No caso da subestación transformadora/edificio de control/centro colector empregaranse materiais, texturas e cores que harmonicen co contorno. Así mesmo, nos traballos de execución e acondicionamento dos vieiros do parque minimizaranse os movementos de terras e coidarase que o firme contraste o menos posible coa contorna.

2. Se na zona existen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras.

3. Todas as superficies alteradas ou deterioradas pola execución das obras (marxes dos vieiros, contorno das obras de drenaxe, gabias do cableado, plataformas de montaxe dos aeroxeradores -que deberán ser revexetadas en toda a súa extensión, podéndose deixar un camiño de acceso ata a porta do aeroxerador para os vehículos de mantemento ordinario-, contorno da subestación/edificio de control/centro colector ou de seccionamento e torre/s meteorolóxica/s se é o caso, área/s de casetas de obra e parque de maquinaria, zonas de amoreamento de materiais ou residuos, áreas de préstamo e/ou vertedura de excedentes dos movementos de terras se for o caso...) deberán ser restauradas e revexetadas en función do tipo de terreo do que se trate, co obxecto de favorecer a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, nas actuacións de restauración e revexetación a levar a cabo teranse en conta as seguintes consideracións:





- Co fin de evitar fenómenos erosivos e lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras, os labores de restauración e revexetación deberán realizarse, na medida do posible, paralelamente ao avance das obras, conforme as distintas superficies a restaurar acaden o seu estado definitivo.
- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada na obra, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas e que teñan características similares ás do terreo a restaurar, tanto desde o punto de vista edafolóxico como respecto das especies vexetais presentes.
- No que respecta á sementeira, a mestura deberá conter necesariamente especies arbustivas e leguminosas, sen prexuízo das de crecemento rápido que se consideren apropiadas para a zona. A proporción de cada grupo de especies na mestura axustarase, con carácter xeral, ás seguintes porcentaxes: 70% para o conxunto de gramíneas, 15% para as leguminosas e 15% para as arbustivas. A dose a empregar será como mínimo de 30 gr/m² (300 kg/ha).
- A restauración que se faga deberá atender a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística. Todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito e integración da restauración.
- Deberá realizarse un seguimento da efectividade dos labores de restauración e revexetación e proceder á reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras e/ou plantacións efectuadas. Incrementarase a intensidade deste seguimento no caso de que se detecten dificultades para o desenvolvemento da vexetación e levaranse a cabo actuacións adicionais de restauración se o éxito desta non é o axeitado.

4. Unha vez finalizada a vida útil do parque eólico, ou ben no caso de que quedase definitivamente fóra de servizo por calquera causa, ao longo da fase de abandono levaranse a cabo todas as actuacións necesarias para desmantelalo e recuperar a situación preoperacional da zona ocupada pola instalación.

Considerarase, con carácter xeral e sen prexuízo do que no seu momento se poida establecer ao respecto, a desmontaxe e retirada dos aeroxeradores, torre/s meteorolóxica/s e subestación transformadora/centro colector ou de seccionamento (de existir un edificio de control, pode ficar para outros usos), demolición da parte superior do pedestal ou peaña das zapatas, restauración dos novos vieiros creados para uso exclusivo do parque, restitución de terreos e servizos afectados e revexetación das zonas alteradas polo desmantelamento.

4.3 Outras condicións

1. Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta DIA, o promotor deberá designar unha persoa responsable do seu control e notificar o seu nomeamento ao órgano substantivo.

2. Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio ambiente deberáselle notificar previamente á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, a través do órgano substantivo e acompañado da pertinente valoración ambiental comparativa, para que o órgano ambiental o avalíe e informe sobre a súa aceptación, comunicando no seu caso as condicións que cómpre impoñerlle ou se procede iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.

3. O promotor deberá comunicar ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo e coa suficiente antelación, a data prevista de inicio de obras do parque.





Xunto coa dita comunicación o órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia dos informes ou autorizacións precisos xunto coa documentación na que se baseen.

4. O promotor comunicará ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo, a data de posta en marcha da instalación.

5. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

5.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias que figuran na documentación avaliada e o condicionado da DIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. Así mesmo, debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións ou afeccións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberánse incorporar os controis e estudos necesarios para completalo e adaptalo ao condicionado que se deriva desta DIA. Na definición final do programa fixaranse segundo a fase (previo inicio de obras, replanteo, obras, explotación ou abandono) a periodicidade, os indicadores e os limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os obxectivos indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e para valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio. Terá a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.
- Lémbrese que sempre que exista a acreditación e alcance correspondente, os estudos e controis preoperacionais, tomas de mostras, medicións e analíticas, tanto na fase previa ao inicio das obras como nas de replanteo, obras, explotación ou abandono, realizaranse por entidades acreditadas polo organismo nacional de acreditación (ENAC) co alcance correspondente a cada tipo de control, toma de mostras, medición ou analítica a realizar, e que os informes estarán asinados e amparados pola dita acreditación. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de seguimento.
- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable, no EslA ou nesta DIA, comunicaráse inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

5.2. Aspectos específicos

1. En relación co plan de seguimento do nivel de ruído ao que se fai referencia na condición 4.2.1, tomando como base a proposta do EslA, e demais documentación que consta no expediente, terase en conta o seguinte:

- O promotor deberá incorporar ao programa de vixilancia e seguimento ambiental un documento no que se recolla pormenorizadamente toda a información relativa á metodoloxía do seguimento,





aspectos técnicos das medicións, cálculos, límites legais, medidas protectoras e correctoras e calquera outra que resulte procedente ao abeiro da normativa vixente en materia de ruídos.

- En canto aos puntos de control propostos consideraranse como mínimo os lugares propostos na documentación. As medicións realizaranse no contorno das vivendas ou edificacións máis próximas aos aeroxeradores e non no interior dos núcleos, para considerar así os puntos potencialmente máis vulnerables. A localización de cada punto deberá definirse coas súas coordenadas UTM (ETRS89) e reflectirse nun plano a escala mínima 1: 10.000
- Deberan constar os resultados da campaña preoperacional con medicións en todos os puntos indicados, co obxecto de dispoñer de datos previos do ruído de fondo para comparalos cos que se obteñan en cada período de seguimento.
- En canto á periodicidade dos controis, durante a fase de obras efectuarase medicións en cada punto no momento no que se estean executando as obras asociadas ao seu contorno, elixindo un momento coa obra en plena actividade co obxecto de que a medición sexa representativa, na fase de funcionamento será mensual o primeiro semestre, bimestral o segundo e trimestral durante o segundo ano de explotación, podéndose logo variar en función dos resultados obtidos.

2. En canto aos plans de vixilancia e demais controis aos que se fai referencia no punto 4.2.5 da DIA, terase en conta o seguinte:

- Tal e como se desprende do punto 5.1, deberá incorporarse co suficiente detalle ao programa de vixilancia ambiental todo o que se derive das cuestións que figuran no dito punto 4.2.5:
 - Control da nidificación de avifauna protexida ou de interese sobre o solo ou en arboredo.
 - Protección doutra fauna (réptiles, anfibios, pequenos mamíferos,...), detección de atropelos, control das obras de drenaxe e, no seu caso, dos pasos canadenses.
 - Seguimento de avifauna, quirópteros e de posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos).
 - Protección de hábitats naturais e outras especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, en cumprimento das disposicións normativas que lles resulten de aplicación e do disposto nesta DIA.
 - Detección de especies invasoras.
 - Etcétera.
- No caso concreto do plan de seguimento de avifauna (e no de quirópteros naquilo que resulte de aplicación), sen prexuízo do que figure na documentación achegada polo promotor, ou do que se poida derivar da condición 4.1.1, 4.1.2, ou de calquera outra desta DIA, teranse en conta as seguintes indicacións:
 - Disporase dos estudos previos necesarios para coñecer os efectivos poboacionais e os usos do espazo e do hábitat na zona, as zonas de cría, alimentación ou campeo, colonias ou refuxios (morcegos), durmidoiros, rutas de paso migratorio, movementos estacionais ou desprazamentos diarios, etcétera, co obxecto de definir axeitadamente o plan de vixilancia para detectar posibles cambios nestes aspectos pola instalación e presenza do parque. Estes estudos preoperacionais deberán cubrir o ciclo anual completo do conxunto de especies inventariadas na zona, prestando especial atención a aquelas que ostenten algunha figura de protección, por exemplo e sen prexuízo doutras, as sinaladas no punto 1.3 desta DIA.
 - Conterá unha descrición detallada e xustificada da metodoloxía para o seguimento da incidencia do parque eólico sobre a avifauna, especificando os controis a efectuar e a súa frecuencia, considerando a detección do efecto baleiro, a caracterización do comportamento das aves ante os aeroxeradores e a detección de morte por colisión.





Descríbese a metodoloxía para a estimación dos índices de colisión e a súa variación estacional, e a dun estudo do voo que caracterice a frecuencia, variación horaria, variación estacional, altura e traxectoria dos movementos das aves na zona do parque (uso do espazo).

Incluirase unha valoración da posible distorsión nos resultados polo diferente esforzo de mostraxe, condicións climatolóxicas durante as mostraxes, detectabilidade dos corpos (polo tamaño, vexetación do contorno, etcétera) e desaparición de cadáveres por necrófagos, definindo os factores ou índices de corrección para corrixir as posibles desviacións.

- A periodicidade das visitas de comprobación terá en conta a fenoloxía das especies sedentarias, invernais e migratorias. Co obxecto de diminuír na medida do posible a perda de cadáveres por acción de animais preeiros, as visitas para a detección de aves mortas por colisión terán como mínimo unha periodicidade mensual. No caso de que se efectúen experimentos para o cálculo dunha taxa de desaparición de cadáveres propia para a zona do parque, poderíase axustar a dita frecuencia. Terase en conta que pode resultar preciso incrementar a frecuencia en épocas de paso migratorio e de dispersión de xuvenís.
 - Definición cuantitativa e cualitativa de limiares de risco por colisión e aparición de efecto baleiro, que indiquen a necesidade de adoptar medidas protectoras ou correctoras específicas, xustificando a súa determinación. Na definición destes limiares deberán considerarse as referencias normativas, catálogos ou listas vermellas máis actualizadas.
 - Definiranse as medidas protectoras e/ou correctoras a adoptar en función das situacións de risco que se detecten, considerando entre elas as sinaladas no punto 4.2.5.1 desta DIA, sen prexuízo do que se derive da condición 4.1.2.
 - Descríbese o método de rexistro, tratamento e presentación dos datos obtidos, detallando a periodicidade, estrutura e contido dos informes, que como mínimo incluírán un apartado introdutorio (indicando datas e descrición das campañas efectuadas), outro cos datos e resultados obtidos e un de valoración (considerando tanto o período abranguido polo informe como o acumulado de datos de informes anteriores), discusión e conclusións finais.
- En relación coa condición 4.2.5.1.4 da DIA, no que se refire ao lobo a Dirección Xeral de Patrimonio Natural sinala no seu informe que se ten que dar cumprimento ao punto 18 (Efecto barreira das infraestruturas), apartado 5, do Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia.

Neste sentido, establece que no primeiro ano de funcionamento do parque, como parte do plan de vixilancia ambiental, débese remitir á dita dirección xeral un estudo con datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia do parque eólico e realizar unha avaliación e seguimento das posibles afeccións sobre as súas poboacións: estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc.

Na procura da mellor implementación das ditas medidas, o promotor e o órgano substantivo terán en conta que todos os aspectos relativos á súa planificación e desenvolvemento deberanse coordinar previamente coa dita Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Para a realización dos estudos ou calquera actuación que se desenvolva no marco do programa de vixilancia e seguimento ambiental en relación coas especies protexidas, o promotor deberá contar coas autorizacións que correspondan da antedita dirección xeral.

5.3. Informes do programa de vixilancia

O promotor deberá presentar os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental ante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento da DIA de acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental. Estes informes estarán asinados polo





persoal técnico responsable da súa elaboración e terán que contar coa supervisión, aprobación e sinatura da persoa responsable designada para o control do cumprimento da DIA.

Os informes avaliarán pormenorizadamente o cumprimento da DIA en relación a todos os aspectos considerados nela, así como das indicacións, valoracións e medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias contidas no EslA e a restante documentación avaliada.

Con carácter xeral, incluíranse os resultados das campañas preoperacionais ou estudos complementarios que se efectúen e os que no seu caso xa consten no EslA ou as súas addendas se é o caso, comparándoos cos que se obteñan en cada período de seguimento.

Sen prexuízo do que, co decurso do tempo, se poida derivar do desenvolvemento do programa de vixilancia, o seguimento da DIA estruturarase nos seguintes informes:

1. Durante a execución das obras o promotor presentará, con carácter trimestral, un **informe de obras** co seguinte contido mínimo:

- a) Cronograma de obras actualizado con todas as actividades (incluíndo a adopción das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias) no que se indique, para cada unha delas, a porcentaxe de execución respecto do total. No cronograma figurará a data de actualización.
- b) Informe de avance da obra, onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto. Acompañarase de reportaxe fotográfica (con indicación da data e hora nas fotografías e plano de puntos de toma) e dun plano de planta a escala 1:5.000 ou maior detalle, dotado de coordenadas UTM (ETRS89), no que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
- c) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (con medicións en plena actividade, indicando persoal de obra e maquinaria en funcionamento durante as medicións), control da calidade das augas, funcionamento da rede de drenaxes e mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico), seguimento de avifauna e quirópteros, protección da pequena fauna e hábitats e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, tendo en conta os puntos 4.2.1, 4.2.2, 4.2.5 e 5 da DIA.
- d) Informe onde se detallen, para aqueles indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os resultados dos controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas), así como os da aplicación das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA), incidencias e/ou imprevistos acontecidos e solucións adoptadas, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra, etcétera.

2. Ao final das obras, no prazo máximo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos, achegará un **informe fin de obras** que como mínimo inclúa:

- a) Informe onde se describa o desenvolvemento dos traballos desde a emisión do último informe de obras e se detalle o estado final do parque e da área afectada tras a finalización das obras, en relación a todos os aspectos que figuran na documentación avaliada e no condicionado desta DIA. Conterá así mesmo un resumo do seguimento ambiental efectuado ao longo de toda a fase de obras e das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas, así como das incidencias ou imprevistos acontecidos e as solucións adoptadas.
- b) Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos máis salientables da actuación: zonas nas que se implantaron os aeroxeradores, contorno da subestación/edificio de control, torre meteorolóxica, estado dos vieiros, cunetas e drenaxes, gabias do cableado, estado de limpeza da área (en especial das zonas de instalacións de obra e parque de maquinaria), zonas onde se efectuaron medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias, etc. Nas fotografías indicárase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.





- c) Plano *as built*, a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflecta a situación real de todas as instalacións e infraestruturas do parque, así como as zonas onde se levaron a cabo medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias. Inclúirase unha táboa coas coordenadas UTM (ETRS89) das posicións definitivas dos aeroxeradores, da subestación e da torre meteorolóxica.
- d) Ficheiros dixitais do plano *as built* coas seguintes capas: poligonal do parque, aeroxeradores, vieiros, subestación e torre meteorolóxica. O formato será compatible con sistemas de información xeográfica (SIX). O sistema de proxección será o UTM, adoptándose como sistema de referencia xeodésico o ETRS89. Os datos vectoriais entregaranse en formato ESRI shapefile (.shp).

3. Unha vez iniciada a explotación do parque o promotor deberá presentar, con periodicidade semestral durante os dous primeiros anos de funcionamento e anual os seguintes, un **informe en fase de funcionamento** co seguinte contido mínimo:

- a) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (identificando os aeroxeradores en marcha durante as medicións), do seguimento do efecto parpadeo de sombras ou *shadow flicker*, do control do funcionamento da rede de drenaxes do parque e o mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico) e, se é o caso, do seguimento da calidade das augas, conforme se deriva dos puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2 e 5 da DIA.
- b) Resultados dos plans de seguimento de avifauna e quirópteros (incluíndo todo o relativo ao desenvolvemento e eficacia das medidas adicionais ás que fai referencia a condición 4.1 da DIA), das medidas de protección de pequena fauna, hábitats naturais e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, e seguimento dos posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos), tendo en conta os puntos 4.1, 4.2.5 e 5 da DIA.
- c) Informe, acompañado de reportaxe fotográfica, no que se describan con detalle os resultados do plan de restauración, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal e de integración paisaxística da instalación, aparición de especies invasoras se é o caso, estado dos vieiros, cunetas, plataformas de montaxe, gabias do cableado, contorno da subestación/edificio de control e torre meteorolóxica, así como daquelas zonas nas que se adoptasen medidas de protección contra a erosión. Nas fotografías indicárase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.

Conterá tamén unha avaliación da eficacia e evolución de todas as medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA) e a descrición, se é o caso, das incidencias acontecidas e as solucións adoptadas. Detallaranse así mesmo, para aqueles outros indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas).

- d) Cando corresponda segundo o expresado na condición 5.2.2 da DIA sobre as actuacións de estudo e seguimento do lobo, xunto co informe en fase de funcionamento achegarase un documento específico cos contidos que se determinen en función do sinalado na dita condición.

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento, ou ben por solicitude motivada do promotor cursada ante o órgano substantivo, poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes que se deben realizar en anos posteriores.

4. Informe previo ao abandono: cunha antelación de seis (6) meses respecto da data prevista para a finalización da explotación do parque, o promotor remitirá ao órgano substantivo un documento (con memoria, planos, pregos de condicións, orzamento, prazo de execución e avaliación dos aspectos ambientais) no que se detallen todas as actuacións previstas para o cumprimento da condición 4.2.6.4.





5. **Informe posterior ao abandono:** transcorridos dous (2) meses desde o remate dos traballos de desmantelamento e abandono do parque, o promotor achegará un informe coa descrición detallada das actuacións levadas a cabo, con especial mención á xestión dos residuos procedentes do desmantelamento e á restauración das superficies afectadas. Incluirá unha reportaxe fotográfica que reflicta o estado final da área, unha vez rematados os labores de abandono e realizada a oportuna revexetación.

6. O programa de vixilancia ambiental previsto no EsIA e nos informes sectoriais terá que completarse cos aspectos adicionais que se incorporan mediante esta resolución.

– O programa desenvolverase perante toda a vida útil do proxecto. Transcorridos cinco anos e en función dos resultados, o promotor poderá solicitar a revisión da periodicidade e alcance dos informes ou o levantamento da obriga de realizar o PVA perante o resto da fase de explotación ante o órgano substantivo para que se pronuncie sobre o asunto, a excepción dos seguimentos específicos sinalados na presente Resolución.





6. PROPOSTA

Logo de realizar a revisión da documentación preliminar aportada co expediente de avaliación de impacto ambiental, propónse formular a declaración de impacto ambiental nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Juan Manuel Camiño Soto

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental(asinado electronicamente)

RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental do parque eólico Xeada, nos concellos de Quiroga, na provincia de Lugo e A Rúa e Vilamartín de Valdeorras na provincia de Ourense, promovido por Neiva Directorship, S.L., considerando que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar, do xeito que proceda, os condicionados adicionais que resulten oportunos.

Consonte o disposto no artigo 52 da dita Lei 21/2013, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se lle remitirá ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

Así mesmo, non exime ao promotor de obter calquera outra autorización, licenza, permiso ou informe que sexa necesario para a execución e/ou funcionamento do proxecto.

O órgano substantivo deberá notificar a esta dirección xeral calquera cambio de titularidade que se produza na instalación.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

